

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Contratación persoal laboral fixo Alejandro López Martín

EXPEDIENTE: 2023/G003/000745

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 949/2022, de 18 de xullo, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión dunha praza de técnica/o informática/o, persoal laboral fixo, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2022.

Sendo que con data 5 de xuño de 2023 o tribunal cualificador realizou a proposta de contratación do aspirante Alejandro López Martín.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 714/2023, de 7 de xuño de 2023, que lle requiriu ao aspirante proposto, a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Alejandro López Martín o día 8 de xuño de 2023, con Rexistro de Entrada nº 2.591.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como persoal laboral fixo a Alejandro López Martín, con DNI nº ***7440**, para prover unha (1) praza de técnico informático con data de efectos 12 de xuño de 2023.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro de Persoal así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos

Terceiro.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde en funcións,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz